

PROPOSTAS PROGRAMÁTICAS

PARA UN

INTERIOR GALEGO VIVO.

A VII asemblea de **Interior Galego Vivo** (Vilardevós, 28 de xullo de 2026) retoma o traballo encetado na IV asemblea do Courel (10 de xullo de 2021) e continuado nas asembleas de Antas de Ulla (7 de maio de 2022) e Chantada (Chantada, 18 de novembro de 2023) retoma o traballo. Trátase, entón, dun documento vivo sobre o que traballarmos e reflectir constantemente co horizonte de perfilar alternativas e propostas que melloren as nosas comunidades e territorios.

Desde os diferentes colectivos sociais, desde un municipalismo crítico e consciente dos grandes retos que temos por diante, desde unha posición común de xustiza social, desde o pluralismo interno alicerzado na transversalidade, na Irmandade e na vocación de atinxirmos a maioría social actualizamos a nosa folla de rota.

Desta volta, revisamos todas as medidas, xa que algunhas foron ultrapasadas polas circunstancias e outras era necesario matizar ou engadir cuestións. Amais, procédese a numerar as aliñas principais para facilitar futuras referencias.

1.* SOBERANÍA ALIMENTAR, SOBERANÍA ENERXÉTICA, SOBERANÍA TERRITORIAL

1.1- Unha **ordenación do territorio** ao servizo da conservación do patrimonio natural e dos ecosistemas, así como priorizar a pequena produción e a soberanía alimentar e non o acaparamento de terras e outras operacións especulativas que baleiran os nosos territorios e os degradan. Neste sentido, é necesario **modificar a concepción e distribución dos fondos da PAC**, pois non podemos tolerar que a Galiza continúe perdendo tecido vivo no rural (xa deixamos de ser un país agrario que, no entanto, aínda é rural). Neste sentido, a futura PAC para o período 2028-2034 vai supor un recorte de fondos, computada a inflación, de por volta de 30%; vai continuar priorizando o

latifundio e o grande capital en detrimento da agricultura familiar e sustentábel; e, como novidade,
25 ameaza con deixar de ser a única política comunitaria real, ao pasar a depender en grande medida dos estados.

1.2.- **Oposición ao control das grandes corporacións das sementes transxénicas** e impulso das **razas e castes autóctonas**, cuxa xenética é preciso mellorar tamén atendendo ao reservorio de razas comúns con Portugal até agora ignoradas, e dun **banco de sementes público**.

30 1.3.- O medio natural, o vento e o sol, a paisaxe e o ar son **bens comúns** ao servizo da **comunidade e do pobo galego**. Mudemos o marco legal en relación á enerxía para evitar macroproxectos empresariais depredadores do medio e neocoloniais, para alén de apostarmos polo **canon enerxético** para concellos e persoas propietarias e, sobretudo, a **xeración distribuída e as comunidade enerxéticas**, que afonde nun modelo descentralizado e máis sustentábel, que aposta
35 por enerxías limpas e con responsabilidade social, que redunden, como noutros estados europeos, nos e nas produtoras do sector primario e nas persoas habitantes do mundo rural. Desde a Xunta debe apostarse por fomentar proxectos á vangarda da tecnoloxía en xeotermia e tamén estudar a tecnoloxía termoeléctrica con grande desenvolvemento en contextos coma o chinés.

1.4.- Recoñecer a singularidade dos territorios afectados por **encoros e complexos hidráulicos**
40 dado o impacto ambiental, demográfico e socioeconómico que estas infraestruturas produciron **historicamente** e seguen producindo **hogano**, esixindo:

- un plan de compensación para os municipios afectados para favorecer o desenvolvemento económico e social, mellora dos servizos públicos, fornecemento de enerxía para a industria a baixo custe e restauración ambiental;
- 45 • un control estrito das concesións, instando os procedementos de caducidade en caso de incumprirse os caudais ecolóxicos;
- a coordinación das administracións implicadas para que os expedientes de reversión das instalacións hidroeléctricas se tramiten sen atrasos e sen caducidades, establecendo un modelo de xestión dos saltos revertidos no que os beneficios pasen a ser de titularidade pública, garantindo
50 medidas para que a reversión non supoña unha redución de recadación dos Concellos e respectando os dereitos dos municipios sobre os seus bens afectados;
- que os saltos hidroeléctricos revertidos se adapten aos novos caudais ecolóxicos que establecen os plans hidrolóxicos.
- **favorecer as comunidades enerxéticas nas concesións de pequenos saltos e fábricas de luz.**

55 1.5.- Derogación dos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica da Galiza que afonda nos aspectos lesivos da Lei de predación da Galiza.

1.6.- A ordenación do territorio debe tamén incidir na minaría para evitar a proliferación desmesurada da mesma no noso país e a conversión das terras rurais en territorios de sacrificio ao
60 servizo das multinacionais.

2.* BIODIVERSIDADE PRODUTIVA E IMPULSO Á AGROGANDEIRÍA SUSTENTÁBEL

2.1- Apoio directo á pequena produción e ás novas incorporacións ao sector primario polo labor social que desenvolven (fixación de carbono, xestión do territorio, loita contra os incendios, establecemento de poboación no rural etc.). Para iso, combinarase a percepción da PAC, GDR,
65 FEDER, Medio Rural... de tal forma que se garanta un primeiro chanzo da **RENDA BÁSICA RURAL** en sintonía coas propostas de RBU.

2.2. - **Recuperación de viñedos e soutos históricos** e apoio directo á pequena produción de viño e castaña que é a que conserva a paisaxe histórica dos nosos territorios.

2.3.- Impulsar desde a Xunta un estudo de custes nas diferentes DOP vitícolas da Galiza para que,
70 por primeira vez, se poida cumprir a Lei da Cadea Alimentar no sector.

2.4.- Estudar a regulación do uso de drons na aplicación de produtos fitosanitarios e, en xeral, aumentar os controis sobre a súa aplicación correcta para evitar derivas ou aplicacións en días que non son aptos pola velocidade do vento.

2.5 - **Reforma da PAC para que as incorporacións permitan viabilizar pequenos proxectos no**
75 **rural**, nomeadamente da mocidade, que fixen poboación e aposten pola soberanía alimentar.

2.6 - Transformación das **oficinas agrarias comarcais** (extensión agraria) dotándoas de medios materiais e humanos para achegar coñecementos técnicos ás iniciativas do sector primario, fornecer asesoramento das explotacións e para desenvolver parte dos trámites da PAC e outra burocracia que afoga a moitas granxas e proxectos.

- 80 2.7 - Aposta pola **transformación alimentar** de produtos como o mel, o aceite, a cereixa, o leite, o trigo do país ou a castaña, xerando valor engadido e seguindo modelos cooperativos convertendo os nosos produtos en referencias internacionais.
- 2.8.- Combate á avispiña e axudas ao sector da castaña, **nomeadamente para a recuperación de soutos antigos (demoucas) e para novas plantacións con castes autóctones de cada comarca.**
- 85 2.9. - Aposta pública pola **pesquisa e criazón de valor engadido nos nosos produtos alimentares** através da súa transformación no territorio e o establecemento de prezos e marxes xustas.
- 2.10. - Usar todos os mecanismos e instrumentos públicos e en materia lexislativa para **intervir e regular o mercado**, impedindo os abusos no **prezo do leite e da carne**. Favorecer as explotacións ecolóxicas e extensivas, a comezar polo acceso a unha suficiente **base territorial** que, porén, non
90 pode pór en perigo unha figura de propiedade e comunitaria esencial como son os MVMC.
- 2.11.- Impulsar unha **DO para o aceite galego**, comezando por espallar a DO de Quiroga a toda a Ribeira Sacra.
- 2.12.- Revitalización ou creación de **mercados de alimentos locais**, nomeadamente dinamizando as prazas de abastos e as feiras mensuais.
- 95 2.13.- Impulso e apoio ás **Comunidades Veciñais de Montes en Man Común** fronte á vontade de privatización da súa propiedade e da súa xestión desde a Xunta, contribuindo á divulgación e apoio ás comunidades veciñais para a xestión do monte, apostando por actividades xeradoras de postos de traballo e conservadoras do medio. **Potenciar a progresiva diversificación do monte, evitando o enfoque do monocultivo de pirofitas espallado durante do franquismo.**
- 100 2.14.- **Biodiversidade produtiva como eixo vertebrador e transversal a todas as políticas.** Cada iniciativa produtiva e transformadora do sector primario nun dos nosos lugares significa que unha familia, cando menos, mantén con vida esa parroquia, a súa memoria e a xestión da súa paisaxe. Procurar o **equilibrio territorial** fronte ao crecente acaparamento de terras por parte de macroproxectos alleos á poboación das nosas parroquias.
- 105 2.15.- **Incremento da SAU como cerna da política da Consellaría de Medio Rural** e eixo transversal a todas as políticas públicas. Non podemos seguir permitindo que se perda SAU para

forestar terras necesarias para producir alimentos e que só se compare en toda Europa a Galiza a Laponia, cunha climatoloxía antitética, ou a Canarias, cunha orografía volcánica e semidesértica en moitas illas. O acaparamento e o espolio colonial son incompatíbeis cun país ao servizo das
110 necesidades básicas da poboación e que respeite as xeracións futuras.

2.16.- A terra para quen a traballa. Na Galiza, actualmente, existen milleiros de fincas abandonadas e sen propietario recoñecido polo que as AAPP deben estudar mecanismos para a súa cesión, cando menos no usufruto, a aquelas iniciativas que manteñen a ordenación do territorio e o sector primario. Portanto, precísase un instrumento ou banco de terras eficiente que desde a Xunta da
115 Galiza contribúa a evitar as eivas que actualmente limitan o uso destas terras.

3.* COMPROMISO DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COA SOBERANÍA ALIMENTAR:

3.1.- Solicitamos unha aposta decidida por parte das administracións públicas con respecto á implicación no **consumo de alimentos producidos no propio País** (prevalencia KM0), en extensivo e tamén tendo en conta as condicións de sustentabilidade do solo empregado, calidade do
120 produto e benestar dos traballadores e traballadoras implicados, así como o benestar animal. Por iso, propomos que as devanditas administracións, para alén de promoveren de cantos outros xeitos estimen oportuno a tales efectos:

- Se comprometan a que, no prazo mínimo de tempo preciso, todos os servizos baixo a súa xestión merquen os produtos alimentares a pequenos produtores/as de proximidade da
125 contorna na que se presta ese servizo, reducindo ao máximo os gastos de transporte e chegando a acordos estables cos devanditos produtores/as;

3.2.- Entendemos por servizos dependentes das administracións: comedores escolares, de residencias e centros de día e da terceira idade, hospitais públicos... e calquera tipo de comedor ou lugar de servizo de comida que dependa dunha administración pública.

- 130 - Empreguen cooperativas cuxos valores sexan decididamente ecoloxistas e sustentábeis (e tendo en conta a variábel da proximidade, mellor canto máis achegada ao punto de consumo) para fornecerse daquelas materias que non dean alcanzando do anterior xeito;
- Prioricen ter varios produtores/as en troques do que se está a facer na meirande parte dos casos: un só que xeralmente está constituído por unha macroempresa na que todos os

135 anteriores valores queden supeditados ao interese por dispor de grandes cantidades e
variedade de produto, inclusive fóra de tempada, percorrendo miles de quilómetros, sen
unha boa regulación do traballo desempeñado pola man de obra implicada ou irrespeituosa
cos mínimos estándares de bo trato animal;

140 - Revertan o fornecemento actual do abastecemento alimentar a todo tipo de entes intermedios
(nomeadamente ONGs) encargados de atender a persoas en situación de vulnerabilidade e,
do mesmo xeito, empreguen producións locais, km0 e coidadosas cos parámetros antes
descritos, para que sexa ese o alimento que reciban as persoas que o precisen nas contornas
nas que se lles sexa fornecido.

4* AFRONTAR A CRISE CLIMÁTICA E VISIÓN CRÍTICA DAS MARCAS TERRITORIAIS

145 4.1.- Cuestionar a mercantilización do territorio mediante a creación de **marcas territoriais**.

4.2.- ~~Elaborar informe crítico~~ Posicionamento crítico coas **figuras de protección do territorio** da
Xunta da Galiza e, nomeadamente, da declaración de patrimonio da Humanidade Ribeira Sacra,
informada negativamente por ICOMOS. Asumimos o informe crítico da Federación de asociacións
da Ribeira Sacra (FEARS), remitido á UNESCO. ~~a Reserva de Biosfera Ribeira Sacra, O Courel e~~
150 ~~Serra do Irbio e o BIC Ribeira Sacra. Remitir o informe á UNESCO.~~

4.3.- Advogar pola **simplificación administrativa dos crecentes trámites burocráticos** que
exixen as figuras de protección e, en xeral, o acceso a subvencións e axudas das administracións,
~~que na práctica non se destinan á poboación local mais a investidores foráneos~~. Defendemos como
alternativa a criazón de oficinas de asesoramento comarcais que axuden á cidadanía nos crecentes
155 trámites burocráticos, para alén de superar mediante esta atención directa o maltrato e a fenda
dixital.

4.4.- Puntuar na concesión de axudas de rehabilitación, mellora eficiencia enerxética, etc. os anos
de residencia permanente efectiva no territorio (censo histórico).

4.5.- Medición comarcal do **carbón** sequestrado debendo repercutirse no desenvolvemento das
160 mesmas mediante compensacións, nomeadamente para o sector primario.

4.6. - Aposta polas **estradas de cobertura vexetal** (ECV) que recibirán para a súa correcta xestión por parte dos entes locais fondos específicos da Xunta análogos ao plano MARCO actual (fondos europeos) e que serán prioritarias para o APROL rural (**agora integrado no programa Galicia Suma Talento: Rural Activo**).

165 4.7 - Realización, conxuntamente coas correspondentes confederacións hidrográficas, dun informe sobre o estado de **ríos e regatos** e as necesidades de saneamento en cada Concello, cun plan de axudas para rematar as obras necesarias nesta materia, en cooperación coas entidades locais, con especial atención ás depuradoras municipais mais ao saneamento das parroquias.

170 4.8 - **Impulso das traídas veciñais e do saneamento** dentro dun plano-marco que contemple as recorrentes secas e a mingua da auga doce potábel dispoñíbel. Podería ser un proxecto estratéxico para encadrar **dentro das achegas europeas**. Comezar a **considerar a auga potábel como un ben cada vez máis escaso** que exige antepor a calquera outra consideración extractiva a súa protección e blindar o seu carácter público e incompatíbel coa súa crecente mercantilización (privatización da xestión).

175 4.9 - Regular e racionalizar nos encoros o uso dos peiraos e as embarcacións que empregan combustíbeis fósiles, apostando ao tempo pola **recuperación das embarcacións tradicionais**, coma os batuxos, para usos turísticos.

4.10 - Impulsar un **Parque natural no Courel** que conte coa veciñanza, respeite os seus usos e costumes e traia inversións reais para revivilo.

180 4.11. - Erradicación do eucalipto e outras especies **pirofitas**, como a paulonia ou a mimosa, nestas zonas.

185 4.12. - **Fomentar mudanzas nos horarios e hábitos durante os meses de estío**, xa que as intensas e recorrentes vagas de calor vanse incrementar nos vindeiros anos, polo que deberían adaptarse tamén os servizos. Por exemplo, nas piscinas abrir un mes máis, modificar as horas do turismo (as visitas despois das 6 da tarde), programas de saúde municipais para a xente maior e crear en todos os concellos onde gobernemos refuxios climáticos, é dicir, locais con conforto térmico (no inverno e no verao) onde quen o desexe poda pasar o día (con preferencia a poboación máis vulnerábel).

5.* VIVENDA E TURISMO

190 5.1.- Determinar os **fluxos turísticos** que son sustentábeis en cada territorio e apostar pola contextualización dos espazos e o **patrimonio con** experiencias que tendan á complexidade.

195 5.2.- Regular o mercado da **vivenda** para garantir a accesibilidade á mesma. Impulsar un parque de **vivenda social destinada ao alugueiro**, pois non é coherente que concellos que baixan dos 2.000 habitantes non teñan vivenda dispoñíbel para arrendar alén dos usos turísticos. **Exixir un programa da Xunta para rehabilitar vivenda nas parroquias rurais para destinar a vivenda social fixando así poboación.**

5.3.- Impulso da **rehabilitación** no rural desde o IGVS e outros instrumentos como o ARI, mais axeitándoos á realidade e favorecendo que os prazos e os proxectos sexan viábeis para a maioría social e non para poucas persoas. Suficiente dotación económica para estes instrumentos.

200 5.4- Estudar desde os concellos impulsar acordos cos propietarios para **rehabilitar casas nas aldeas de pequenos propietarios en troca de cesións temporais** entre 10 e 25 anos, dependendo do investimento público.

205 5.5.- Os concellos, nomeadamente os que teñen menos de 5.000 habitantes, teñen severos problemas co parque de vivendas en ruínas. Por iso, a Xunta da Galiza e o Estado deben establecer un marco lexislativo e apoios reais para xestionar esta realidade facilitando a declaración de ruína e a tramitación dos expedientes. Estudar medidas de cesión voluntaria ao Estado para a súa rehabilitación e posta a disposición da cidadanía como vivenda social.

6.* ATENDER AS NECESIDADES SOCIO SANITARIAS DE XEITO PÚBLICO

210 6.1.- A filosofía que debe presidir as políticas socio sanitarias é **pór** no centro a **dignidade persoal**, apostar por **servizos públicos**, adaptar estes e a lexislación ás características do medio rural e fomentar a **convivencia interxeracional**.

6.2.- Os fondos europeos deben ser utilizados para proxectos destinados á atención á Dependencia no marco do fomento da desinstitucionalización e ao fomento da Atención Primaria de Saúde.

6.3.- **30 minutos como máximo até calquera servizo básico** nun desprazamento en coche. Sen estas isócronas non é posíbel fixar e atraer poboación nas nosas parroquias.

215 6.4.- Recuperación da **área sanitaria de Monforte e do Barco e creación da de Verín**.

6.5.- Reforzo da **atención primaria** como pilar do sistema sanitario através dos fondos NEXT Generation. Dotala de xeito suficiente para que sexa o centro do sistema, revertendo recortes de servizos no rural e incluíndo suficientes profesionais de psicoloxía, pediatría, fisioterapia e traballo social. Garantir sempre a atención presencial.

220 6.6.- Programa de **saúde mental** nos centros de saúde e plano específico para a prevención do suicidio.

6.7.- **Asistencia bucodental integral de balde para crianzas e maiores** cofinanciado desde as Deputacións e o SERGAS.

225 6.8.- **Reabrir os centros sanitarios de atención primaria que foron desmantelados no rural** (Begonte, Parga...). Pular por profesionais e servizos nos centros e non por camións e investimentos astronómicos sen persoal. Aumento das **ambulancias** medicalizadas.

6.9.- **Garantir a operatividade en todo momento de dous helicópteros para emerxencias sanitarias.**

230 6.10.- Revisión do **cofinanciamento municipal dos centros de día, dos PAI e do SAF**, xa que a Xunta descarga sobre as maltreitas facendas locais unha parte crecente do gasto público social da súa competencia.

6.11.- Rede pública de atención á infancia de 0 a 3 anos.

235 6.12.- Aposta por **centros multiservizos no medio rural**, fomentando a convivencia interxeracional, con modificacións legais para permitir axeitar servizos a contornas despoboadas (convivencia de centro de día e centro de atención á infancia, por exemplo, nun mesmo espazo e con actividades conxuntas).

- 6.13.- Reforzo do **Servizo de Axuda no Fogar** (SAF) e ampliación do servizo para cubrir as necesidades de horas de atención a persoas dependentes, apostando por un servizo 100% público, que fomente a autonomía persoal, con condicións laborais dignas e equiparadas no territorio.
- 240 6.14.- Estudo da situación do SAF en cada Concello e proxecto piloto de **empresa pública** con participación das traballadoras ou xestión desde a Xunta. **Fin do cofinanciamento dos concellos.**
- 6.15.- Aumento do persoal das equipas de valoración da Dependencia e da Discapacidade para eliminar as **listaxes de agarda** e cumprir cos prazos legais de valoración.
- 6.16.- Mellora xeral da atención á Discapacidade no rural, con ampliación de servizos. Extensión da **Rede de Atención Temprá** a todo o territorio.
- 245 6.17.- Apostar pola **desinstitucionalización** e que as persoas envellezan con dignidade na súa contorna, cunha **mudanza total do modelo de residencias**, que deben ser **públicas**, e das que se debe **modificar o marco legal** para garantir **rateos de persoal** axeitadas ás necesidades, **condicións laborais dignas** e aumento dos fondos para crear prazas públicas ben atendidas e xestionadas nos nosos territorios, **prohibindo os macrocentros.**
- 250 6.18.- Impulso de **residencias-piloto en aldeas** abandonadas, total ou parcialmente, restauradas a tal efecto.
- 6.19.- Creación dunha **residencia de media estancia** de referencia para estas zonas (sul de Lugo - Ourense), recurso para quen precise un ingreso residencial temporal (por exemplo, para sandar dunha doenza).
- 255 6.20.- Impulso de **centros de día públicos** para fomentar a autonomía persoal.
- 6.21.- Impulso da figura de **Asistente Persoal** para a Vida Independente.
- 6.22- Aposta pola **formación** no sector da Dependencia a través de Obradoiros de Emprego en Concellos onde haxa déficit de persoal formado.
- 260 6.23.- Aumento das prazas de **Educador/a Social e Traballador/a Social** nos Concellos para impulso de programas sociais e equiparación das súas condicións laborais en todo o territorio.

6.24.- Priorizar o uso de vivenda pública municipal para **alugueiro social**.

6.25.- Oferta suficiente de **lecer** infantil e xuvenil nos concellos.

7.* FEMINISMO COMO EIXO TRANSVERSAL

265 7.1 O feminismo, como estrutura ideolóxica e política para a xustiza social, atravesa toda a acción e posicionamento do IGV.

270 7.2 Desde a humildade e o recoñecemento de que a tradición heteropatriarcal está profundamente arraigada na sociedade e, portanto, tamén nas persoas que integramos este proxecto político, IGV afronta o compromiso de camiñar paraa políticas feministas, que orbiten darredor da vida, os coidados, a inclusión da diversidade e a non violencia, e nas que todas as persoas teñan os mesmos dereitos e oportunidades.

275 7.3 A potencia da loita feminista, que tantos avances ten acadado na historia e na última década, pretende tamén ser capitalizada pola elite económica e institucional como un eido máis no que facer negocio a través dunha lóxica capitalista esencialmente contraria aos principios feministas. Pola contra, a nosa aposta polo feminismo é honesta e procura mudanzas reais e significativas na vida das persoas. Pretende ser desenvolvida á marxe da hiperburocracia e da creación desorganizada de órganos e organismos baleiros, disfuncionais e carentes de obxectivos feministas reais.

280 7.4 Acadar a igualdade é unha obriga das Administracións e de calquera sociedade democrática. As medidas para fornecela han de ser transversais a toda política pública e traballada e revisada en comunidade, con participación social e con apoio de persoas referenciadas nas loitas polos dereitos das mulleres e dos colectivos LGTBIQ+.

7.5 Algunhas das medidas concretas que consideramos imprescindíbeis no municipalismo son:

- A accesibilidade dos recursos públicos a todas as persoas. Ter acceso aos servizos públicos de conciliación, sociais, sanitarios, de coidados ou xustiza, é esencial para garantir a igualdade de oportunidade e para protexer fronte a todas as formas de violencia. Neste senso, remarcamos a

285 necesidade de dotar a cada comarca ou partido xudicial de Puntos de Encontro Familiar e CIM.

- Garantir o acceso á vivenda de todas as persoas en situación de exclusión social e, nomeadamente, a calquera vítima de violencia de xénero ou doméstica; en especial, incrementar as vagas para a acollida urxente.

290 • O desenvolvemento de accións permanentes de sensibilización en igualdade, bon trato e masculinidades positivas, principalmente dirixidas á xente nova.

- Apoiar e fornecer o asociacionismo feminista e polos dereitos das persoas LGTBIQ+ e propiciar a súa participación nas políticas públicas.

295 7.6.- Recuperación dos **centros de información afectivo sexual** (Quérote), garantindo, canto menos, un centro nas principais vilas.

7.7.- Cambio de localización do **Punto de Encontro Familiar** (PEF) da cidade de Ourense e creación dun PEF para o sul de Lugo, ampliando a capacidade dos mesmos e con xestión pública.

8.* EDUCACIÓN E conciliación NO RURAL

8.1.- Prazas públicas suficientes nos **xardíns da infancia** e reforzo da atención temperá.

300 8.2.- **Programas de axuda a conciliación nos concellos** cofinanciados pola Xunta (Plano Madruga).

8.3.- **Garantir unha oferta educativa diversa na ESO e no Bacharelato** con atención ás diferentes pólas do saber, o que implica rateos diferenciados e reorganizar as ensinanzas no rural.

305 8.4.- **Inserir optativas e contidos transversais en Primaria e na ESO para o coñecemento e valorización social da profesión agraria**, que permita incrementar a oferta formativa adaptada ás necesidades do sector primario.

8.5.- Impulso dun **plan específico de ENSINO RURAL** que inclúa a baixada das rateos de alumnado por aula, a creación de aulas abertas e o impulso da educación para adultos.

310 8.6.- **Cumprimento da Lei Paz Andrade e impulso do portugués como segunda lingua estranxeira en todos centros da Galiza.**

9.* UNHA FORMACIÓN PROFESIONAL IMPLICADA CO TERRITORIO

9.1.- Faise necesario un plan territorial de vertebración da oferta da **formación profesional** no noso territorio que:

- Atendan á realidade diferencial do mesmo e ás especificidades e oportunidades de cada contorna;
- Estabelezan lazos fortes coas empresas e autónomos/as xa existentes na zona para que formación e mercado laboral se poñan en diálogo, entendendo como mercado laboral non só as grandes empresas, senón os pequenos proxectos, emprendedores/as ou inclusive empresas que non gocen de boa saúde e poidan estar interesadas nunha renovación nas ideas de proxectos futuros;
- Aproveiten e planifiquen o uso de instalacións e terreos de carácter público de cada concello para pólos en valor e uso como espazos de docencia, aprendizaxe e planificación de proxectos piloto a nivel empresarial que poidan devir das formacións sinaladas.

10.* VERTEBRACIÓN TERRITORIAL CO TRANSPORTE PÚBLICO E AS TIC

10.1- **30 quilómetros até unha vía de alta capacidade de ferrocarril** ou, no seu defecto, autovía como garantía de vertebración das comarcas.

10.2- Impulso do **coche de ponto** ou taxis partillados bonificados para atender as necesidades de mobilidade de viaxeiras nas parroquias máis pequenas e dispersas, contando coas entidades locais no deseño das rutas de transporte. O campo precisa dun transporte interno entre parroquias, que comunique as aldeas todas coa vila de referencia.

10.3- Esgazar a visión de macroinfraestruturas como algo necesario para que nos veñan ver (AVE, autoestradas...) e que levan a práctica totalidade dos investimentos e das promesas de inversión no interior galego sen xeraren apenas retorno. En contrapartida, pular por infraestruturas melloradas e cun estado de mantemento digno que progresivamente se desenvolvan autocentradamente para a mellora das comunicacións, da vertebración territorial e para garantir a concorrencia dos nosos

excelentes produtos. Exixir como vía de futuro a **vertebración de todas as cabeceiras comarcais mediante o tren** de mercadorías e pasaxeiros.

10.4- Rebaixa do prezo do billete de **transporte compartido** en bus.

340 10.5.- Garantir que no rural toda a poboación teña acceso ao **transporte público** a prezos semellantes e equiparábeis aos do transporte metropolitano, nomeadamente para a os grupos máis vulnerábeis como os nosos maiores (centro de saúde, hospital, compras, feira...) e estudantes. Non pode ser que nas áreas metropolitanas asuma o ente autonómico os custes e no rural concellos con menor capacidade de financiamento deban asumir integramente os custes se queren transporte minimamente digno para dar servizo á súa poboación. Por exemplo, Monforte de Lemos debe
345 asumir 77.000€ ao ano por un servizo de transporte circular intramunicipal (cando cobrando unha parte só recadaría 5.000€ ao ano).

10.6.- Mellorar as conexións por estrada e, nomeadamente, por ferrocarril co norte de Portugal.

10.7- Ampliación da cobertura da **Internet**: ningún lugar ou explotación sen conexión a prezos accesíbeis. Rede 5G e mínimo de 100 Mbps simétricos de conexión a Internet en todo o territorio.

350 10.8.- Estudar a alternativa existente no Courel con nodos funcionando noutras partes da Península e máis de 100.000 utentes. Trátase do proxecto *Guifi.net* co que un Concello podería dar servizo á súa poboación de maneira legal e estábel cuns custes de entre 50-70€ por viciño e ano.

11.* UN DESEÑO ADMINISTRATIVO ACORDE COA REALIDADE DO PAÍS E PARA IMPULSAR POLÍTICAS XUSTAS

355 11.1.- Impulso da vindicación urxente dun modelo de **financiamento** local xusto e sostíbel que atenda á poboación, ao envellecemento, á dispersión e á superficie territorial.

11.2.- Políticas de discriminación positiva para os territorios máis despoboados. Por unha **fiscalidade rural**, diferenciada e xusta, que faga máis atractivo vivir nas zonas despoboadas (Ourense e Lugo son das provincias que máis poboación perden e coa poboación máis avellentada).
360 Para respeitar os principios xerais de igualdade cómpre actuar conforme a liña que sinala o artigo

174 do Tratado da UE para reducir as diferenzas entre os niveis de desenvolvemento dos diferentes territorios e o atraso das áreas menos favorecidas.

- Deducións no Imposto sobre Persoas Físicas por morada habitual en comarcas moi despoboadas ou avellentadas.
- Deducións do Impostos de Transmisións Patrimoniais para compravenda de vivendas por debaixo de 190.000 euros en concellos despoboados ou moi avellentados.
- Bonificación para actos xurídicos documentados nos supostos de agrupación, agregación, segregación e división do chan industrial ou terciario.
- Nas adquisicións, caso de deter a condición de explotación agraria prioritaria fixaranse bonificacións atendendo o concepto de unidade familiar e non apenas o titular.

11.3.- Definición dunha rede e **carteira básica de servizos públicos** con accesibilidade territorial e garantía de non peche dos mesmos.

11.4.- Defensa cerrada do mantemento do poder adquisitivo das **pensións** e impulso dunha **revalorización extraordinaria das pensións rurais** para evitar pensións bases inferiores a 500 euros despois de vinte anos cotizados. Nengunha pensión de traballadores do sector primario debería ficar por baixo dos 1000 euros.

11.5.- Fin da **exclusión bancaria**. Denuncia da hipócrita política da Xunta para os caixeiros que é subvención encuberta á banca e fomenta na súa fasquía actual o feche de oficinas e non o seu mantemento.

11.6.- Necesidade dun **observatorio do investimento público** que monitorice as concesións e garanta a transparencia. Non é doado explicar o abuso do contrato menor, o incumprimento sen consecuencias da LCSP, etc.

11.7.- **Recoñecemento da parroquia** ao xeito das freguesías portuguesas como unidade de participación básica da veciñanza no eido rural.

12.* MANTEMENTO DA CULTURA DE NOSO COMO VALOR SOCIAL

12.1. - Catalogación, recuperación e conservación do **patrimonio material e inmaterial** do noso territorio sabendo que as persoas tamén poden ser patrimonio e que este só se percibe se se contextualiza e estuda.

12.2- Plan de recollida de **microtoponimia** e da **memoria** oral.

390 12.3.- Incremento das axudas para o asociacionismo rural, nomeadamente nos eidos da **mocidade** e da **cultura**. Apoio ás bandas de música, gaitas, grupos de teatro e entidades normalizadoras.

12.4. - Impulso de Redes de dinamización e **normalización lingüística** en todas as comarcas.

13.* PARTICIPACIÓN SOCIAL, INTEGRACIÓN DAS COMUNIDADES NO DESEÑO DAS POLÍTICAS PÚBLICAS

395 13.1.- Exixir o fomento da **divulgación** das figuras de protección entre a cidadanía, a transparencia e a participación da sociedade civil no deseño dos plans para a zona (reserva da biosfera, BIC Ribeira Sacra). Demanda a suficiente dotación económica dos mesmos con actuacións concretas que atendan ás demandas da sociedade civil.

400 13.2.- Deseño conxunto e participativo da **estratexia turística**, co foco no turismo cultural, de natureza e no enoturismo e desde o respecto á estrutura económica local e transformando estruturas ao servizo do neocaciquismo actualmente operantes.

13.3.- Reforma da filosofía e funcionamento dos **GDR**, que xestionan boa parte dos fondos europeos destinados ao rural, aumentando a participación social e primando os proxectos produtivos sustentábeis.

405 14* CONCELLOS INTEGRADORES E UN RURAL SOLIDARIO.

14.1.- Os principios feministas e de xustiza social abocan a dar un tratamento prioritario ás políticas de integración e inclusión nun país que pasou nunhas décadas de vivir a súa diáspora a sermos espazo de acollida.

410 14.2.- As persoas procedentes doutros estados non son só mao de obra nen a súa acollida pode quedar supeditada á riqueza que xeren. Os esforzos pola inclusión e a integración das persoas migradas é unha obriga de toda sociedade democrática e unha premisa para o respecto dos dereitos humanos.

14.3.- Recoñecer as dificultades da integración e da convivencia intercultural é desexábel e non é un obstáculo para afrontar medidas nese senso como:

415 14.3.1.- O desenvolvemento de Plans Municipais de Integración que, partindo da análise e avaliación da situación, desenvolvan os obxectivos a acadar para mellorar a inclusión da poboación migrante nos concellos e defina os recursos e medidas de política local para acadalos, partindo dos eixos esenciais de educación, emprego, vivenda, participación cidadá e convivencia.

420 14.3.2.- Dotar os concellos de profesionais en integración e mediación intercultural.

14.3.3.- Conectar a realidade do despoboamento e abandono do rural coa necesidade de solucións habitacionais para persoas sen fogar que permita dinamizar o rural, facilitar oportunidades vitais positivas e de autoabastecemento no rural e evitar a formación de guetos nas zonas urbanas pola falta de vivenda social.

425 15.* GALIZA CÉLULA DE UNIVERSALIDADE.

15.1.- Aposta pola democracia e o republicanismo, a Europa confederal dos pobos, a fiscalidade progresiva sobre a propiedade e a circulación do capital e denuncia de toda caste de imperialismo.

15.2.- Afondamento dos lazos coa Lusofonía e, nomeadamente, priorizar o desenvolvemento da *Euro-região Galiza – Norte de Portugal*, pois, por un lado, Portugal é unha extensión histórica da
430 Galiza e, por outro lado, hai potencialidade cultural e económica no estreitamento das ligazóns coa Lusofonía.

Todo o exposto require un plan público de inversións e incentivos para o mundo rural que atenda os sectores primarios, a transformación alimentar, a vivenda e os servizos... Neste sentido débese dar voz ao rural e aos territorios do interior para a xestión dos fondos Next Generation. Actualmente,
435 calquera habitante do rural ten un sobrecusto en relación a un cidadán urbano: desprazamentos a servizos quilométricos, maior custe da Internet (solucións satélite requiren 200€/mes), desprazamento e vivendas para realizar ciclos formativos ou asistir á universidade, ausencia de

transporte público e servizos de conciliación, problemas de potencia e fornecemento eléctrico etc. A maiores, os concellos do rural teñen menor financiamento que o conxunto dos municipios, pois
440 depende do número de habitantes e non do número de lugares, da dispersión da poboación e dos quilómetros de extensión.

Sermos útiles para a nosa xente e a nosa Terra exige que demostramos que existen **alternativas**, que un **outro mundo é posíbel, urxente e preciso**. Para levalo á practica o **combate cívico** debe primar até sobre a **presenza institucional**, que tamén achamos necesaria sen esquecer a Unión
445 Europea e a crecente integración mediante o mercado e o dereito que foxe da esculca democrática. Levemos á práctica no local alternativas, fundamentadas en **procesos participativos desde a base**, sen perdermos de vista o global e contribuíamos para a conformación de amplas alianzas a todos os niveis. Desta arte, **encetaremos o camiño dese mundo novo que enxergamos desde o interior galego**.

450 **No interior galego**. No estío do 2026.